

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A FEDERACIÓN GALEGA DE REDEIRAS ARTESÁS O PEIRAO, PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS DE PREVENCIÓN, DETECCIÓN E LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO, ENMARCADAS NO PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO, NO EXERCICIO 2026.

Lugar e data da sinatura dixital

REUNIDAS

Dunha parte, dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Igualdade, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, en nome e representación da Consellería de Política Social e Igualdade, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, así como no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte, dona María Jesús González González en nome e representación da Federación Galega de Redeiras Artesás O Peirao, con NIF G-15969868, en virtude da súa designación como Presidenta, segundo elección celebrada o 8 de xuño de 2024 en Asamblea Xeral Extraordinaria da entidade, ao abeiro do disposto no artigo 27 dos seus estatutos.

Todas as partes recoñécense a súa capacidade para obrigarse e convir e,

EXPOÑEN

I. Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

II. O Estatuto de Autonomía de Galicia no seu artigo 4.2 sinala que corresponde aos poderes públicos de Galicia promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do



individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social.

A Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude aprobouse a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

III.- A Consellería de Política Social e Igualdade, en virtude do Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, é o órgano superior da Administración autonómica que ten entre as súas competencias impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero. Así, o Decreto 139/2024, do 20 de maio, establece no seu artigo 29 as competencias que lle corresponden á Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero, entre as que figuran as de impulsar as actuacións conducentes á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de autonomía de Galicia, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, na Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, e na demais lexislación aplicable na materia.

IV.- En setembro de 2017 aprobouse o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero con 292 medidas estruturadas en 10 eixes de acción para garantir a mellora e perfeccionamento do sistema para a erradicación da violencia de xénero en todas as súas formas.

O día 25 de novembro de 2021, catro anos despois da aprobación do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero de 2017, a maioría dos grupos políticos con representación parlamentaria conscientes de que o Pacto de Estado non pode ter como horizonte temporal o mes de setembro de 2022 senón que debe continuar vertebrando a nosa resposta como país fronte á violencia machista, asinaron o 22 de xullo de 2022 un acordo de renovación do Ditame que recolle este Pacto, onde novamente se plasmou a vontade de todas as partes actoras institucionais de seguir traballando polo cumprimento das medidas do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero e o establecemento dun marco ampliado e permanente



para o desenvolvemento de políticas públicas que o fortalezan.

En base a todo o anterior, o 22 de xullo de 2022 a Conferencia Sectorial de Igualdad aprobou o Acordo relativo ao establecemento dun marco de actuación conxunta que garanta a prórroga e permanencia das políticas públicas e os servizos que se derivan do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, co obxecto de asegurar as condicións básicas que garantan a igualdade de todas as mulleres no exercicio dos seus dereitos fronte á violencia. Este acordo ten como finalidade consolidar o traballo fronte á violencia contra as mulleres no conxunto do Estado, avanzando na institucionalización e a permanencia dos compromisos adquiridos no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

O 20 de marzo de 2023 publicouse no *Boletín Oficial del Estado* a Resolución do 16 de marzo de 2023, da Secretaría de Estado de Igualdade e contra a Violencia de Xénero, pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Igualdade, do 3 de marzo de 2023, polo que se aproba o plan conxunto plurianual en materia de violencia contra as mulleres (2023-2027).

V.- O 26 de febreiro de 2025 o Pleno do Congreso dos Deputados aprobou de maneira case unánime a renovación e actualización do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero. O acordo amplía as mediadas que incluía no 2017, de 290 a 461 e introduce novos eixes como son a violencia vicaria, a económica e a dixital. Ademais prestáselle especial atención ás mulleres rurais e ás mulleres con discapacidade. Así a medida 41 recolle o reforzar as campañas de sensibilización cara ás mulleres no ámbito rural, pola maior incidencia nese entorno.

O capítulo 3. *Asistencia, axuda e protección ás vítimas* denomina o seu eixe 3.4 como *Rural* e nel as medidas 246 a 254 ofrecen unha serie de actuacións destinadas ás mulleres do rural tales como garantir o enfoque interseccional en calquera política, medida e resposta institucional que se adopte para combater a violencia contra as mulleres de forma que se garanta o seu pleno acceso e exercicio efectivo de dereitos, impulsar o asociacionismo de mulleres no ámbito rural para axudar ás vítimas garantindo formación e recursos para ditas entidades e brindarlle ás vítimas unha atención e acompañamento efectivos e de calidade adaptados ás condicións e especificidades do entorno rural.

Así mesmo o *Catálogo de referencia de políticas e servizos en materia de violencia contra as mulleres conforme aos estándares internacionais de dereitos humanos*, presta unha especial atención á ruralidade como un factor de vulnerabilidade, así a actuación 1.3.01 sinala a



elaboración e difusión de campañas institucionais e outras accións de sensibilización e toma de conciencia fronte a todas as formas de violencia contra as mulleres que presten atención ás súas causas, especialmente á relación directa entre desigualdade e violencia e os estereotipos de xénero, e a actuación 1.3.02, recolle o deseño, elaboración, difusión e adaptación ás necesidades de todas as mulleres, de campañas para mellorar e facilitar información clara e accesible sobre os dereitos, servizos e recursos especializados neste ámbito.

VI. A violencia que nas súas distintas formas se exerce contra as mulleres supón un serio atentado contra a dignidade e a integridade física, psíquica e moral destas e, en consecuencia, unha grave e intolerable violación dos dereitos humanos.

O artigo 7.2 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, establece que o departamento competente en materia de Igualdade establecerá axudas económicas destinadas a que o movemento asociativo en Galicia desenvolva actividades que promovan a prevención e a erradicación da violencia de xénero, e a Disposición adicional segunda da dita Lei 11/2007, do 27 de xullo, establece que o Goberno da Xunta de Galicia impulsará a formalización de acordos interinstitucionais de coordinación entre as diversas instancias e administracións públicas con competencia no ámbito da violencia de xénero, que sirvan de canle de actuación e colaboración para conseguir unha atención integral e coordinada dirixida ás mulleres que sofren violencia de xénero.

VII. A Federación Galega de Redeiras Artesás "O Peirao" é unha entidade sen ánimo de lucro constituída no ano 2004 e inscrita na sección terceira da oficina central do Rexistro de Asociacións Profesionais de Traballadores Autónomos da Comunidade Autónoma de Galicia co número de rexistro 00/008/2012/C, así como recoñecida e inscrita no Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais co número E-4876, na área de igualdade. Ten entre os seus obxectivos o empoderamento das súas asociadas no ámbito cultural, social, económico e político; a promoción da igualdade entre homes e mulleres e a loita contra calquera conduta susceptible de ser considerada violencia de xénero.

En Galicia, as mulleres redeiras supoñen o 91% do colectivo de persoas que desenvolven de xeito artesanal esta actividade que constitúe un traballo imprescindible para a pesca e para o sector pesqueiro existindo actualmente sete asociacións nos portos de Cariño, Corme, Malpica, Portosín, Porto do Son, Cangas e A Garda; a todas elas agrupadas na Federación



Galega de Redeiras Artesás "O Peirao".

Esta Federación, integrada por 94 socias repartidas nas sete asociacións mencionadas, loita coa finalidade de dignificar a profesión e pola visibilización do colectivo de redeiras galegas. Pola súa labor ao longo dos anos foron premiadas, entre outros, co *Premio á excelencia en innovación para mulleres rurais* e coa medalla *Castelao*.

A Federación Galega de Redeiras Artesás "O Peirao" desenvolve accións dirixidas ás súas asociadas e ao público en xeral que ten como obxectivo a sensibilización sobre a dimensión da violencia de xénero, promovendo pautas e ferramentas para a detección e prevención da mesma e mostrando as ferramentas necesarias para construír novas formas de relacións afectivas e os recursos dispoñibles.

Con base na formación e na información como piares fundamentais explicar e incidir en todos os recursos dispoñibles para combater a violencia de xénero e camiñar cara a erradicación de condutas claramente contrarias á igualdade de xénero e por ende susceptibles de encaixe en condutas tipificadas como violencia de xénero.

VIII. A Consellería de Política Social e Igualdade considera necesario o fomento das ditas accións da Federación Galega de Redeiras Artesás "O Peirao" mediante a concesión directa dunha subvención a través deste convenio que se efectuará ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na que se prevé a posibilidade de excepcionar do réxime ordinario de concorrencia competitiva en base ao carácter singular das actuacións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso, no que o interese prioritario é poder ofertar accións de sensibilización, prevención e detección da violencia de xénero, de xeito gratuíto e voluntario, ás mulleres do colectivo de redeiras galegas a través de persoas con formación e coñecemento específico da violencia machista. A Federación de Redeiras Artesás "O Peirao", é a única entidade que existe con estas características e, polo tanto, a única que pode levar a cabo as accións recollidas na cláusula primeira.

Por todo o indicado, todas as partes acordan formalizar o presente Convenio de colaboración, que se rexerá conforme ao disposto nas seguintes:



CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto e finalidade

1. O obxecto deste Convenio é instrumentar a concesión dunha subvención de carácter directo, por parte da Consellería de Política Social e Igualdade, en beneficio da Federación Galega de Redeiras Artesás "O Peirao", para desenvolver accións de prevención, sensibilización e detección da violencia de xénero.

2. As accións irán dirixidas as asociadas e ás persoas do seu entorno; todas elas mulleres do medio rural, de baixos recursos económicos, escasa cualificación académica e con situacións especialmente vulnerables en atención ás súas circunstancias persoais e no ano 2026 desenvolveranse as seguintes:

a) Xornada sobre as relacións afectivo-sexuais sen violencia e en contextos de igualdade. A través desta acción preténdese dar a coñecer a violencia existente e que se enmascara ás veces como amor, cando a realidade e que condutas baseadas en vínculos erróneos como celos, control ou abuso emocional non son máis que outra forma de violencia de xénero.

Como en tódalas accións, informárase ás participantes dos dereitos que asisten ás vítimas de violencia de xénero e a cobertura social e prestacións que as asisten, tanto a elas, como para ás persoas dependentes das mesmas.

b) Seminario de formación en igualdade aplicada á xestión colaborativa e o fortalecemento de entidades e asociacións. A través desta formación con base en criterios de igualdade fomentárase a prevención e detección de condutas violentas que por razón de xénero se poidan dar no ámbito da xestión colaborativa e que supoñan un impedimento e unha desigualdade na colaboración como fórmula de acadar e garantir solucións conxuntas.

c) Servizo de asesoramento en materia de xénero durante todo o ano, a través de persoal especializado que reorienta as accións destacando, sobre todo, os aspectos de xénero de cada unha das actividades que desenvolve a entidade.

d) Servizo de asesoramento en materia xurídica especializado en violencia de xénero e en mediación, que contribúe a paliar e poñer fin a situacións de violencia de xénero



e de abuso entre as asociadas.

e) Servicio on-line, telefónico e presencial de carácter individualizado de apoio e orientación psicolóxico e xurídico.

f) Distribución de material divulgativo con pautas para detectar a violencia de xénero e tamén con teléfonos de interese aos que dirixirse no caso de querer compartir ou denunciar estes sucesos.

g) Calendario fronte á violencia de xénero. Con esta acción, coa implicación de todas as asociadas, preténdese elaborar, o longo deste ano, un calendario fotográfico. Así, cunha foto por mes onde mostrárase o labor das redeiras e, acompañando as fotografías con textos, palabras ou frases reivindicativas fronte á violencia de xénero e poñerase o foco, dunha maneira máis visual, na importancia de loita fronte á violencia de xénero.

SEGUNDA.- Financiamento.

A previsión de orzamento de gastos para a realización das accións recollidas na cláusula primeira que ten previsto desenvolver a entidade beneficiaria ascende á cantidade de 20.000 € (**vinde mil euros**).

Para sufragar a totalidade dos gastos derivados das accións recollidas na cláusula anterior, a Consellería de Política Social e Igualdade aboará á Federación Galega de Redeiras Artesás O Peirao, a cantidade total de **20.000 € (vinde mil euros)** con cargo á aplicación orzamentaria 08.06.313D.481.2 (código de proxecto 2018 00112) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

O presente financiamento enmárcase nos fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (Ministerio de Igualdade), correspondentes á Comunidade Autónoma de Galicia,

TERCEIRA- Xustificación e Pagamento

1. De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada. A tipoloxía de gastos subvencionables correspóndese con gastos de servizos e subministracións para o desenvolvemento das accións recollidas na cláusula primeira.



En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

2. A xustificación comprenderá os gastos realizados e pagados entre o 1 de xaneiro de 2026 e o 30 de novembro de 2026, e deberá presentarse na Dirección xeral de Loita contra a Violencia de Xénero con data límite do **4 de decembro de 2026**.

3. A xustificación dos gastos e o seu pagamento realizarase a través de conta xustificativa nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de subvencións de Galicia mediante a presentación da seguinte documentación:

- **Memoria de actuación**, subscrita polo órgano competente da entidade beneficiaria da subvención do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das accións realizadas, número de persoas participantes/usuarios de cada unha delas, datas e lugares de realización destas actividades, e dos resultados obtidos.
- Un **exemplar de todos os materiais que se elaborasen** ao abeiro das accións a subvencionar a través do convenio, nos que deben figurar os logos da Consellería de Política Social e Igualdade e do Ministerio de Igualdade.
- **Certificación** expedida polo órgano competente da entidade beneficiaria, dos gastos realizados, con identificación das persoas acreedoras cos seus Números de Identificación Fiscal, os documentos xustificativos, os importes e datas de pagamento.
- **Facturas** ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento. Acompañarase unha **declaración** asinada polo órgano competente da entidade beneficiaria indicando que as facturas orixinais están en poder desta entidade.
- **Declaración responsable** de non ter solicitado ou percibido outras axudas para a mesma finalidade procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.
- **Declaración responsable** de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou ben as certificacións



acreditativas de estar ao día no cumprimento das ditas obrigas.

- Non se admitirán os pagamentos en efectivo.

5. Á vista desta documentación a Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección xeral de Loita contra a Violencia de Xénero, comprobará a realización das accións a subvencionar a través deste convenio e o cumprimento da finalidade da subvención e, unha vez comprobado este expedirá certificado acreditativo da verificación realizada e tramitará o pagamento.

6. Se o importe xustificado fose menor ao previsto na cláusula segunda e, sempre que se cumpra coa finalidade para a que se concedeu a subvención, procederá o pagamento da subvención na contía que sexa obxecto de xustificación.

7. A Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección xeral de Loita contra a Violencia de Xénero, reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación das accións a subvencionar obxecto do presente convenio.

CUARTA.- Pagamentos anticipados e pagamentos a conta

1. Poderanse realizar pagamentos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as accións previstas, atendendo aos límites máximos establecidos no artigo 63.1. Un do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que recolle que: *"Cando o importe da subvención non supere os 18.000 euros as bases reguladoras poderán prever a concesión de pagamentos anticipados de ata un 80% da subvención concedida e sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario. Cando o importe da subvención concedida supere os 18.000 euros as bases reguladoras poderán prever, ademais, pagamentos anticipados dun 10% adicional sobre o importe que exceda os 18.000 euros e sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario"*.

2. Poderanse realizar pagamentos a conta conforme ao artigo 62 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados, que responderán ao ritmo da execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para proceder ao seu pagamento, a entidade deberá enviar a documentación xustificativa relacionada na cláusula terceira, agás a memoria de actuación.



3. Segundo o sinalado no artigo 62.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, o importe conxunto dos pagamentos a conta e dos pagamentos anticipados que, de selo caso, se concedesen, non poderá ser superior ao 80% da porcentaxe subvencionada, correspondente aos pagamentos xustificandos.

4. De acordo co establecido no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en relación cos seus artigos 62.3 e 67 a entidade beneficiaria queda exonerada da constitución de garantía, como beneficiaria dunha subvención con cargo aos créditos orzamentarios correspondentes ao capítulo IV, transferencias correntes, destinados a familias e institucións sen fins de lucro.

QUINTA.- Tramitación na sede electrónica da Xunta de Galicia

A documentación relativa á tramitación deste convenio de colaboración presentárase por medios electrónicos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Para estes efectos empregárase o procedemento PR004A, que ten por obxecto a presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico establecido na normativa reguladora de cada procedemento nin cun modelo electrónico normalizado.

As persoas interesadas responsabilízanse da veracidade dos documentos que presente. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

SEXTA.- Notificacións

As notificacións practícaranse por medios electrónicos nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións electrónicas realízanse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia



(<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá avisos de posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil facilitados pola entidade beneficiaria. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

SÉTIMA.- Obrigas da entidade beneficiaria

En cumprimento do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, son obrigas da entidade beneficiaria:

- a) Desenvolver as accións recollidas na cláusula primeira deste convenio, e que constitúen o seu obxecto e xustificar a súa realización e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención.
- b) Non percibir ningunha remuneración por parte das persoas usuarias destas accións, e facer constar en toda a publicidade ou presentación pública que se realice, a colaboración que presta a Consellería de Política Social e Igualdade e o Ministerio de Igualdade.
- c) A facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.
- d) A cumprir os requisitos para poder obter a condición de beneficiaria establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e tamén deberá cumprir o resto das obrigas recollidas no artigo 11 da devandita lei e na Lei 38/2003, de 17 novembro, xeral de subvencións.
- e) A comunicarlle á Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero, calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de



calquera Administración ou ente público nacional ou internacional.

f) A reintegrar a subvención percibida no caso de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.

g) Subministrar á Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Consellería de Política Social e Igualdade, das obrigas previstas no Título I da citada lei. O incumprimento desta obriga determinará, se é o caso, a imposición das multas coercitivas previstas no número 4 do citado artigo.

h) Presentar, antes da sinatura deste convenio, as certificacións acreditativas de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

OITAVA.- Compatibilidade

Esta axuda é compatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que a contía total das axudas non supere o 100% do importe da actividade subvencionada. No caso de que a subvención concedida supere, illadamente ou en concorrencia con outras, o custo da actividade para a que foi concedida a subvención, descontarase o exceso obtido sobre o citado custo.

NOVENA.- Inexistencia de relación laboral

Para levar a cabo as accións recollidas na cláusula primeira a entidade beneficiaria poderá contratar, con cargo ao orzamento do presente convenio, o persoal que no seu caso precise para o seu desenvolvemento.

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións a subvencionar a



través deste convenio, dependentes da Federación de Redeiras Artesás "O Peirao" e a Consellería de Política Social e Igualdade, de tal xeito que, por este concepto non se lle poderá esixir a esta Consellería ningunha responsabilidade, directa nin subsidiaria.

DÉCIMA.- Modificación do convenio

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación as previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do de 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

De conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Información básica sobre protección de datos

1. As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das accións realizadas en para a súa execución e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo a protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).
2. Os datos persoais recadados neste convenio serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social e Igualdade, coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se derivada da xestión da concesión directa da subvención a través do dito convenio, que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.
3. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no



exercicio de poderes públicos, conforme as referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

4. A referencia á publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións axustarase a dita normativa e coas limitacións que esta establece.

5. Como destinatarias, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

6. As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

DÉCIMO SEGUNDA.- Publicidade

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo



que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

A sinatura do convenio implica a autorización expresa para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Por outra banda, en cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, comunicarase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

DÉCIMO TERCEIRA.- Réxime xurídico do Convenio

Este convenio ten carácter administrativo rexéndose polas cláusulas que nel se establecen e, no seu defecto, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e do Real Decreto 887/2006 do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, e subsidiariamente, e para o caso de puideran darse dúbidas ou lagoas, polos principios da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

En todo caso, o Convenio non se atopa comprendido en ningún dos contratos regulados pola Lei 9/2017, de 8 de novembro.

As cuestións litixiosas xurdidas respecto da interpretación, desenvolvemento e aplicación do convenio serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade poñendo os seus acordos fin á vía administrativa.

Contra estes acordos cabe interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, se a resolución fose expresa ou, se o acto no o fose, en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.



Directamente poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo, ante a Sala do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fose, o prazo será de seis meses e contarase, para a entidade interesada, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMO CUARTA.- Incumplimentos, reintegros e sancións

1. Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial do importe da subvención no suposto de falta de xustificación do cumprimento das accións que se recollen na cláusula primeira, dos deberes contidos nestas cláusulas, dos deberes contidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a axuda percibida, así como os xuros de demora correspondentes.
2. Entenderase incumplida a obriga de xustificar cando a Administración, nas súas actuacións de comprobación ou control financeiro, detectase que na xustificación realizada pola entidade beneficiaria se inclúsen gastos que non respondesen ás accións subvencionadas, que non supuxesen un custo susceptible de subvención, que fosen xa financiadas por outras subvencións ou recursos, ou que se xustificasen mediante documentos que non reflectisen a realidade das operacións.
3. O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito de cobramento da axuda e para facer efectiva a devolución a que se refire o apartado anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade poderá apreciar un incumplimento parcial e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivera a condición incumplida no convenio e, se é o caso, establecendo o deber de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos das accións subvencionables, o alcance do incumplimento determinarase proporcionalmente ao gasto



deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas, en dita proporción.

4. Á entidade beneficiaria da subvención concedida en virtude deste convenio seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previstas no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Título VI do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

DÉCIMO QUINTA.-Causas de resolución

1. Serán causas de resolución do presente convenio:

- a) O incumprimento inxustificado, total ou parcial, de calquera das cláusulas que o regulan.
- b) A aplicación dos fondos a fins distintos daqueles que motivaron a concesión da subvención.
- c) O transcurso do tempo fixado sen que se execute o gasto obxecto da subvención.
- d) O mutuo acordo, que deberá ser motivado e manifestado por escrito antes da finalización do convenio.
- e) A desaparición das causas que motivaron a sinatura do convenio.
- f) As establecidas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procedendo, se fóra o caso, ao reintegro total ou parcial da axuda percibida e dos xuros de demora acumulados dende o momento do seu pago ata a data na que se acorde a orixe do reintegro.

2. De resolverse o convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade poderá esixirlle á entidade beneficiaria, o reintegro das cantidades achegadas. Igualmente se procederá, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, no suposto de que o importe da axuda, illada ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o custo das accións subvencionadas.

En canto aos efectos estarase ao disposto no artigo 52 da citada Lei 40/2015, do 1 de outubro.

DÉCIMO SEXTA.- Comisión Mixta de seguimento

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representadas as partes asinantes. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación



conxunta para o seguimento e avaliación das accións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dúas persoas representantes da Consellería de Política Social e Igualdade e dúas persoas representantes da Federación de Redeiras Artesás "O Peirao" designadas polas persoas que representen a cada unha das partes, así como as súas suplentes.

A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da Administración designada pola persoa titular da Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero.

A persoa que ocupe a secretaría, que actuará con voz pero sen voto, así como a súa suplencia, será unha persoa adscrita á Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero e será designada pola persoa que asuma a Presidencia.

A actuación da Comisión de seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, e na Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO SÉTIMA.-Vixencia.

O presente Convenio terá vixencia dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2026.

Non obstante, os gastos das accións englobadas no proxecto a subvencionar a través do presente convenio que realízase a Federación de Redeiras Artesás O Peirao dende o 1 de xaneiro de 2026, tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social e Igualdade.

E, en proba de conformidade cos termos do convenio, asíñase o mesmo na data da sinatura dixital.

A CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E
IGUALDADE

Fabiola García Martínez

A PRESIDENTA DA FEDERACIÓN GALEGA
DE REDEIRAS ARTESÁS O PEIRAO

María Jesús González González

